

## Xacemento do Castro / Outeiro de Almeide

020115

### Datos de Localización

Castro

<b>Nomenclator:</b>	3201206
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 60746406 <b>Y:</b> 465053599
<b>Concello:</b>	Os Blancos
<b>Parroquia:</b>	NOCEDO
<b>Lugar:</b>	Nocedo
<b>Tipoloxía:</b>	Xacementos Arqueolóxicos
<b>Tipo:</b>	Castros
<b>Subtipo:</b>	Castro



**Denominación:** Xacemento do Castro / Outeiro de Almeide

**Etapa Histórica:** Idade do Ferro

**Estilo relevante:** Indeterminado

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Partindo de Xinzo de Limia pola estrada local que conduce a Baltar, desviarse a man dereita na aldea de Laroá á altura do P.K. 6.750, por unha pista da concentración parcelaria. Percorrendo ao redor dun kilómetro chégase á base do castro.

Este xacemento emprázase nun outeiro situado no nacemento das estribacións montañosas que rematan na aldea de Covelas. Ten óptimas condicións defensivas naturais, nos lados N, S e E. O castro de reducidas dimensións foi identificado no ano 1991 como resultado da prospección arqueolóxica levada a cabo por Nieves Amado, Isabel González e Cristina Varela. Goza dunha boa visibilidade do contorno, sobor de todo cara ó sueste. Está formado por dous recintos, o superior de forma elíptica protexido por un terraplén e foxo, máis acusado cara ó norte onde o desnivel do terreo é menor. Na parte superior deste terraplén advírtese unha liña de pedras que posiblemente formarían parte da estrutura da muralla que na metade leste arrinca engrosándose e descende englobando o recinto inferior ata conectar seguramente coa parte contraria, aínda que nesa zona pérdeselle o rastro. Boa parte da zona sur está ocupada polo rochedo aflorante. No recinto non se aprecia grande cantidade de material en superficie, quizais debido ó espeso matorral, mentres que no ano 1991 como recolle a ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia eran abundantes os fragmentos de cerámica común romana e restos de tégula.

Hai que destaca-la aparición nas inmediacións do castro a aparición dun fragmento de escultura de guerreiro castrexo.

### DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32012004.

### Características Construtivas

**Plantas:**

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:**

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

## Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localizacion
Escultura de guerreiro galaico	Escultura en pedra	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

















